

Cuestións Texto *República*. Platón. Ética e Política:

- O que dende o principio, cando fundabamos a cidade, afirmabamos que había que observar en toda circunstancia, iso mesmo ou unha forma diso é ao meu parecer a xustiza. E o que dixemos e repetimos moitas veces, se ben te acordas, é que cada un debe atender a unha soa das cousas da cidade para o que a súa natureza estea mellor dotada.
- En efecto, iso dixemos.
- E tamén de certo escoitabamos dicir a outros moitos e deixabamos nos sentado repetidamente que o facer cada un o seu e non multiplicar as súas actividades era a xustiza.
- Así de certo deixámolo sentado.
- Isto, pois, amigo – dixeran –, parece que é en certo modo a xustiza: o facer cada un o seu.
- Polo tanto, a intromisión e troco mutuo destas tres clases é o maior dano da cidade e máis que ningún outro podería ser con plena razón cualificado de crime.
- Plenamente.
- ¿E o maior crime contra a propia cidade non terías que cualificalo de inxustiza?
- ¿Que dúbida cabe?
- Iso é, pois, inxustiza. E á inversa, diremos: a actuación no que é propio das clases dos produtores, guerreiros e gobernantes, cando cada un faga o seu na cidade, ¿non será xustiza, ao contrario daquilo outro, e non fará xusta á cidade mesma?

(Platón, *República*)

Cuestións Texto:

1. ¿Cales son as clases sociais que compoñen a república ideal de Platón?, ¿que funcións lle corresponderían a cada unha delas?, ¿cales son as súas respectivas virtudes?
2. ¿Cando se pode afirmar que unha polis é xusta?, ¿e cando xurdiría a inxustiza na cidade?
3. En base á cuestións anterior: ¿como poderíamos definir tan só mediante unha palabra o que é a xustiza?, ¿que sería a inxustiza, expresado nun só concepto? Razoa as respostas.
4. Unha vez definida á xustiza na cidade, Platón pasa a analizar que sería a xustiza no home asunto que o leva a indagar acerca da alma. Indica as distintas partes da alma que distingue Platón. Caracteriza cada unha delas. ¿Que cometidos deben desempeñar cada unha das partes da alma?, ¿que calidades ou virtudes lle corresponden?
5. ¿Cando un home é xusto?, ¿que diremos que é a xustiza referida ao individuo? Pola contra: ¿cando falamos dun home inxusto?, ¿que sería a inxustiza referida ao individuo?
6. ¿Que paralelismo existe entre as partes da alma e as partes da cidade?, ¿e entre a xustiza no home e a xustiza na república?